

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dez de decembro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as catorce horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de decembro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN OURÍN – ASPERELO”, INCLUÍDA NO PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026**

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de “*Mellora de camiño municipal en Ourín – Asperelo*”, incluída no Plan Camiña Rural 2025-2025, por importe de CINCUENTA E UN

MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON UN CÉNTIMO (51.258,01 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Román Gómez Fraiz.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 51.258,01 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-426 (FACe), de data 09/12/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

### **3.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL CON CARGO AO PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026 (ANUALIDADE DE 2025)**

En relación á subvención outorgada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por resolución de data 23/05/25 e importe total de 81.171,00,00 €, para a actuación denominada “*Mellora de camiño municipal en Ourín – Asperelo*”, ao abeiro da Resolución do 30 de decembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas financiadas ao abeiro do plan Camiña rural para o período 2025-2026 e se convocan as correspondentes ao ano 2025, mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 19, do 29/01/25) – Expediente núm. ██████████, procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos correspondentes á anualidade de 2025.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida ano 2025: 39.544,82 € (sen IVE)
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	OB2025-426	09/12/2025	10/12/2025	51.258,01 €

— Cantidade xustificada: 51.258,01 € (IVE incluído)

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

Terceiro.- Solicitar, ao abeiro do disposto no artigo 16.1 da Resolución da convocatoria, que os gastos executados e xustificados por riba da cantidade establecida para a primeira anualidade na resolución de concesión sexan imputados á anualidade de 2026, sen que iso implique incremento da asignación correspondente ao referido exercicio orzamentario.

#### ***4.- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN LABORAL TEMPORAL, POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE TÉCNICOS/AS EN EDUCACIÓN INFANTIL PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)***

O remate, no vindeiro día 31 de decembro do corrente, de dúas traballadoras que están a prestar servizos no PAI e a previsible demora na resolución dos postos de traballo a financiar pola Deputación de Pontevedra ao abeiro da liña 2 do Plan Máis Provincia 2026, pendente de convocatoria a esta data, aconsellan a provisión por un limitado período temporal deses postos de traballo indispensables para o correcto funcionamento de dita instalación municipal, dado que horario continuo de apertura require dun reforzo de persoal respecto ás traballadoras que integran o cadro de persoal adscrito ao PAI. Ese desaxuste temporal con respecto ao emprego estable dispoñible xustifica a utilización da contratación temporal por circunstancias da produción prevista no artigo 15.2 da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar convocatoria pública para a provisión laboral temporal, por circunstancias da produción, de dous (2) postos de traballo de técnicos/as en educación infantil para o Punto de Atención á Infancia (PAI).

Segundo.- Aprobar as seguintes bases que rexerán o procedemento selectivo, que se realizará a través do sistema de concurso de valoración de méritos:

#### ANEXO

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN DE DÚAS (2) PRAZAS DE TÉCNICO/A DE EDUCACIÓN INFANTIL

#### PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

É obxecto das presentes bases a selección de:

Denominación da praza	Técnico/a de educación infantil
Réxime	Contrato a tempo parcial
Modalidade contractual	Contrato temporal por circunstancias de produción
Unidade/Área	Servizos Sociais
Grupo profesional	Oficiais administrativos (G. Cotización 5)
Nivel formativo mínimo esixible	Técnico Superior de Educación Infantil
Sistema selectivo	Concurso
Funcións a desempeñar	Pór en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no punto de atención á infancia municipal. (PAI)

#### SEGUNDA. Modalidade do Contrato

A modalidade de contrato é temporal por circunstancias da produción recollida no artigo 15.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da *Lei do Estatuto dos Traballadores*.

A duración do contrato será a determinada polo período temporal no que se identifica que concorre a causa que xustifica a temporalidade: do 2 de xaneiro ao 13 de marzo de 2026.

A xornada de traballo será de 25 horas semanais, que supón unha xornada polo 66,67% do equivalente a unha xornada completa no Concello (37,5 h/semana), de luns a venres. A xornada habitual de traballo será de 09.00h a 14.00h sendo de mañá e/ou de e 13.00h a 18.00h se é de tarde.

O posto de traballo a desempeñar será o de técnico/a de educación infantil. Este persoal será o encargado de pór en práctica e avaliar o programa educativo de atención á infancia no PAI municipal de acordo coa proposta pedagóxica vixente.

A retribución do posto de traballo será de 980,40 €/mes brutos en doce mensualidades que inclúen salario base e dúas pagas extraordinarias.

#### TERCEIRA. Publicidade da convocatoria

O Concello de Rodeiro, de acordo co mandato constitucional de garantir a igualdade no acceso nos procesos de selección do persoal, realizará a publicidade destas prazas mediante unha convocatoria pública: anuncio nun dos diarios de maior tirada comarcal e publicación no taboleiro da sede electrónica municipal.

#### CUARTA. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para tomar parte nas probas de selección, será necesario, de acordo co establecido no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da citada norma.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Serán igualmente requisitos que deberán cumprir os/as candidatos/as na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización do contrato os seguintes:

- Posuír o título de técnico superior de formación profesional en *Educación Infantil*.
- Certificado sobre inexistencia de delitos de natureza sexual (Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de *Protección xurídica do menor*).

#### QUINTA. Forma e prazo de presentación de Instancias

A solicitude (Anexo I) para tomar parte no procedemento selectivo na que as persoas aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza, dirixiranse ao Sr. alcalde do Concello, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral ou dos xeitos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do *Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, no prazo de cinco (5) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria do xeito establecido na Base 4ª. Deberán acompañar a seguinte documentación:

- DNI.
- Acreditación da formación requirida.
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos contemplados na base 4ª, ou no seu caso, a contida no modelo de instancia do *Anexo I*.
- Documentación necesaria para a valoración de méritos.

Os documentos presentados serán dixitalizados e os orixinais devolveránselle ao interesado no momento da presentación a aquelas persoas que decidan presentar a instancia de xeito presencial. No caso de optar pola presentación a través de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren datadas e seladas polo persoal da oficina antes do envío. Neste caso, deberán adiantar ao correo electrónico [aedl@rodeiro.gal](mailto:aedl@rodeiro.gal) unha copia desta instancia na que conste a data de envío antes do remate do prazo de presentación de candidaturas.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de *Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

#### SEXTA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, no prazo dun (1) día hábil, ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste Concello, <https://rodeiro.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios para maior difusión, sinalarase un prazo de un (1) día hábil para emenda. Dita lista será definitiva de non presentarse reclamacións.

Transcorrido o prazo de emenda, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se

publicará na sede electrónica deste Concello. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

#### SÉTIMA. Tribunal Cualificador

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ninguén.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto do posto de traballo que se convoca. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### OITAVA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento do proceso

O sistema selectivo elixido para prover as prazas é o de concurso de valoración de méritos.

FASE CONCURSO: a fase de concurso consistirá nunha valoración dos méritos alegados documentalmente pola persoa candidata, de acordo co establecido neste apartado. Esta fase é voluntaria e non eliminatória. A puntuación máxima será de 6 puntos.

O tribunal valorará os méritos alegados conforme ao seguinte baremo:

- a. Formación complementaria: (máximo 2,00 puntos)
  - Por posuír unha titulación superior á esixida na convocatoria e relacionada coas funcións do posto de traballo:
    - Título universitario en educación: 1,00 puntos  
(*maxisterio, pedagogía, ou similar*):
    - Máster universitario: 0,50 puntos
  - Formación específica. Máximo 1,00 puntos. De conformidade coa seguinte valoración, e sempre que estea relacionada co posto de traballo:
    - Menos de 20 horas: 0,05 puntos
    - De 20 ou máis horas: 0,10 puntos
    - De 50 ou máis horas: 0,25 puntos
    - De 100 ou máis horas: 0,50 puntos

*Unicamente se valorarán os cursos convocados ou organizados por administracións públicas, Universidades, institutos ou escolas de funcionarios, ou outras entidades sempre que fosen homologados pola EGAP. Tamén se valorarán os cursos de formación continua das Administracións Públicas en calquera das súas edicións.*

*A acreditación dos cursos farase mediante a aportación do orixinal do título/diploma e soamente se admitirán cando conste no propio documento o número de horas.*

b. Experiencia profesional: (máximo 4,00 puntos)

- Por cada mes de traballo en postos análogos ou administrativos na administración pública: 0,15 puntos.
- Por cada mes de traballo en postos análogos ou administrativos en empresa privada: 0,10 puntos.

*A experiencia acreditarase mediante os correspondentes contratos laborais (ou de non telos co certificado de empresa) e informe de vida laboral. No suposto de traballos realizados en administracións públicas, poderán substituírse estes documentos por un certificado expedido pola persoa con competencia en materia de persoal na que conste de forma fidedigna o tempo traballado (facendo constar a porcentaxe de xomada realizada e o Índice de parcialidade no caso de xomadas parciais, sempre e cando non se presente vida laboral), a categoría profesional desempeñada e as funcións exercidas. No caso dos servizos prestados no propio Concello de Rodeiro bastará que o solicitante autorice a incorporación ao expediente deste certificado, marcando a xanela correspondente no modelos de instancia (anexo I).*

*Para a determinación do número de meses acreditados polos interesados calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final de este. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado. Polo tanto, todos os meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxen a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración. A efectos do cómputo da experiencia profesional, terase en conta a xomada de traballo fixada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.*

*Os documentos non entregados para a xustificación e valoración dos méritos no proceso selectivo, nos prazos establecidos nas presentes bases, tanto de presentación inicial como de emenda, non serán tidos en conta na valoración e non puntuarán.*

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

#### NOVENA. Cualificación

A puntuación final será a obtida de aplicar a suma das puntuacións establecidas nos distintos apartados.

O resultado publicarase nos taboleiros de anuncios da sede electrónica do Concello e das oficinas municipais. Os candidatos disporán dun prazo de un (1) día hábil, contado dende o seguinte a esta publicación, para presentar as reclamacións e emendas que considere oportunas.

Esta listaxe será definitiva de non presentarse alegación ou emendas. En caso contrario, resoltas as mesmas publicarase a listaxe definitiva de aspirantes con indicación dos que tiveran superado o proceso selectivo sen obter praza e aquel/a proposto/a para contratación.

No caso de empate resolverase aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- b) O maior nivel académico
- c) Circunstancias persoais: no caso de persistir o empate. Os candidatos/as terán un máximo de 2 días hábiles para acreditar estar nalgunha, ou en varias, das seguintes situacións. As prazas asignaranse en orde da maior puntuación acadada.
  - Situación de desemprego:
    - Inferior a un ano 0,20 puntos
    - Superior a un ano 0,30 puntos

*Acreditase mediante informe dos períodos de inscrición expedido polo SPEG.*

#### DÉCIMA. Relación de Aprobados, Acreditación de Requisitos Esixidos e Formalización do Contrato

Concluída a valoración, elevarase ao órgano competente proposta do candidato para a formalización do contrato, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria. Para elo disporán dun prazo de dous días hábiles, contados a partir da publicación da listaxe coa puntuación definitiva para presentar a seguinte documentación: informe médico e certificado sobre inexistencia de delitos de natureza sexual.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días

seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos realizados.

Téñase en conta que ata que se formalicen os mesmos e se incorporen aos postos de traballo correspondentes, os aspirantes non terán dereito a percepción económica algunha.

Co adxudicatario realizarase contrato laboral de substitución pola situación de incapacidade temporal do traballador con dereito a reserva do posto de traballo.

#### UNDÉCIMA. Incidencias

As presentes bases, unha vez aprobadas polo órgano competente, expóranse ao público durante o prazo de presentación de instancias no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

De presentarse reclamacións ás bases, que non suspenderán o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo, a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada algunha das suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poña fin ao procedemento.

No non previsto nas bases será de aplicación o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

## **5.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA NADAL RODEIRO 2025” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO**

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia Nadal Rodeiro 2025*”, que se desenvolverá entre os días 22 de decembro de 2025 e 7 de xaneiro de 2026. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período non lectivo de Nadal. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A actividade desenvolverase entre os días 22 de decembro de 2025 e 7 de xaneiro de 2026 (ambos incluídos) de luns a venres non festivos, agás os días 24 e 31 de decembro de 2025. As datas de comezo e final da actividade correspóndese exactamente co inicio e final das vacacións escolares de Nadal.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de Rodeiro e con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 09:00 h. a 14:00 h. na aula situada na primeira planta do edificio da antiga sindical.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando as datas nas que acudirá. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente no programa Concilia só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade Concilia Nadal Rodeiro 2025 establécese entre os días 11 e 19 de decembro do corrente (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres, poderanse inscribir ata completar as prazas existentes tanto crianzas empadroadas coma non empadroadas no concello.
- ✓ Fíxase un máximo de 30 prazas por cada día de actividade.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero e de outras formas de violencia contra a muller, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos, en situación de desemprego de longa duración ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenados de menor a maior renda.
- ✓ O prezo da actividade establécese en base á Ordenanza en vigor de servizos e actividades educativas.

## **6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE PERMISOS LABORAIS E VACACIÓNS**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Belén Fernández González, traballador laboral temporal do Concello na praza de técnica de educación infantil no PAI, ten solicitado o goce de permisos laborais e asemade debe gozar de parte das vacacións pendentes antes do remate do seu contrato no presente mes de decembro.

O Sr. alcalde propón a contratación de Soraya López Taboada, traballadora que a viña substituíndo por mor da suspensión do contrato de

traballo pola situación de risco durante o embarazo, así como polo posterior permiso por maternidade, e que foi seleccionada, previa convocatoria pública, por acordo deste órgano adoptado en data 4 de xuño do corrente

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación de SORAYA LÓPEZ TABOADA, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (25 horas/semana), entre os días 15 e 30 de decembro de 2025, ambos incluídos, en substitución da traballadora Belén Fernández González.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## ***7.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR GOCE DE VACACIÓNS***

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona M<sup>a</sup> Ángeles Pampín Expósito, Dona María Luisa Ferreiro Blanco, Dona Rosa María Beleda Presase Dona Cleunira María Grandi Cardoso, traballadoras laborais do Concello en prazas de auxiliar de axuda no fogar, teñen solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais e permisos laborais en diferentes datas dos meses de decembro de 2025 e xaneiro de 2026. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/dunhas novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política

Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, das seguintes traballadoras:

- ✓ XIMENA MANTILLA JAIMES, con NIE núm. [REDACTED] a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 22 de decembro de 2025 e 9 de xaneiro de 2026, ambos inclusive, en substitución de M<sup>a</sup> Ángeles Pampín Expósito.
- ✓ SILVIA PEREIRA GONÇALVES, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 16 de decembro de 2025 e 12 de xaneiro de 2026, ambos inclusive, en substitución de María Luisa Ferreiro Blanco.
- ✓ ESMILCE CAROLINA FERNÁNDEZ MORA, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 15 de decembro de 2025 e 21 de xaneiro de 2026, ambos inclusive, en substitución de Cleunira María Grandi Cardoso.
- ✓ MARÍA MARGARITA HERNANDO GOLMAR, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días [REDACTED]

19 de decembro de 2025 e 8 de xaneiro de 2026, ambos inclusive,  
en substitución de Rosa María Beleda Presas.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

### ***8.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSONA CON DISCAPACIDADE***

VISTA a solicitude presentada por Don Mario Vázquez Lamazares (RE núm. 2112, do 09/12/25), e a proposta de resolución emitida con data 09/12/25 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don MARIO VÁZQUEZ LAMAZARES, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Faílde, parroquia do Salto.

### ***9.- CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL FINANCIADAS POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE***

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que a Consellería de Política Social e Xuventude concedeu ao Concello unha asignación de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) con destino a axudas de emerxencia social, dentro das transferencias finalistas correntes para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios (expediente [REDACTED]).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 09/12/25, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder as seguintes axudas de emerxencia social a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

### Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	NIE / PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████████	██████	A Portela – A Portela	300,00 €	Merca de produtos de primeira necesidade (alimentación e hixiene)
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	180,45 €	Abono material escolar
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	99,40 €	Abono material escolar

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2025. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 31 de decembro de 2025. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

## 10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 41,50 €, 0,00 € E 0,00 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-L5M0-035181, 28-L5DD-005752 e 28-L5DD-057780 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 185,30 € E 6,79 €  
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de novembro de 2025, s/facturas núm. 4004530346 e 4004517139 (FACe).

- XUNTA DE GALICIA 1.056,28 €  
Por reintegro parcial de subvención (expediente núm. TR351G 2021/19-5), s/liquidación.
- MARÍA ELENA JORGE MATO 124,54 €  
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 2.800,00 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2025*” no mes de novembro de 2025, s/factura núm. 0925/0000005 (FACe).
- ASCÁN SERVICIOS URBANOS S.L.U. 165,00 € E 165,00 €  
Por importes mensuais do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/facturas núm. 81/OCT/25010148 e 81/NOV/25011138 (FACe).
- CARNICERÍA VILLANUEVA PENERBOSA S.L. 48,16 €  
Por subministro de produtos de alimentación para a xornada sobre a migración “*Raíces e horizontes*”, s/factura núm. 17.
- CARNICERÍA VILLANUEVA PENERBOSA S.L. 119,07 €  
Por subministro de chourizos para o magosto municipal no Az, s/factura núm. 13.
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 217,80 €  
Por fotos en cartón pluma para o concurso de fotografía “*Muller rural: de onte e de hoxe*”, s/factura núm. A/250359.
- DISFRACES BACANAL S.L. 433,91 €  
Por adquisición de traxes para os integrantes da cabalgata de Reis, s/factura núm. WE-012157.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)